

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CBIMA11	Mantemento de vivendas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3024	Fontanaría e calefacción básica	2023/2024	5	157	188
MP3024_13	Operacións básicas de instalación en fontanaría	2023/2024	5	75	90
MP3024_23	Operacións básicas de instalación en calefacción	2023/2024	5	52	62
MP3024_33	Operacións básicas de mantemento en instalacións de fontanaría e calefacción	2023/2024	5	30	36

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA PÉREZ GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste módulo consiste en realizar operacións básicas de montaxe e mantemento de elementos de fontanería e calefacción ; pequenas reparacións e substitución de elementos sinxelos en instalacións da vivenda, coa calidade indicada, aplicando as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes.

Aplicarase os protocolos COVID establecidos polo centro.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Configuración e tipoloxía das redes de auga	Coñecer e representar gráficamente os diferentes tipos de instalacións de fontanería.	15	10
2	Materiais, accesorios e elementos das redes de auga	Coñecer, manexar e identificar os materiais que se empregan para este tipo de instalacións.	25	15
3	Montaxe e instalación de equipamentos	Montar redes de auga sinxelas.	50	20
4	Equipos de produción de calor	nesta UD. aprenderase o funcionamento e a instalación de equipos de produción de calor.	10	10
5	Instalación de calefacción para vivendas.	Nesta UD aprenderase a realizar instalacións de calefacción con todos os seus compoñentes.	52	20
6	Procedementos de posta en marcha	Nesta UD aprenderase a realizar operación de posta en funcionamento de instalacións coa seguridade requirida.	15	15
7	Operacións de mantemento nas instalacións	Nesta UD. aprenderase a realizar as operacións básicas de mantemento nas instalacións de fontanería e calefacción.	21	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Configuración e tipoloxía das redes de auga	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora orzamentos, identificando o custo dos materiais e dos recursos, para unha instalación tipo nunha vivenda ou nun edificio	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os elementos da instalación coa documentación gráfica
CA1.2 Estimouse o tempo necesario para executar as instalacións
CA1.3 Determináronse os equipamentos de traballo necesarios para realizar as instalacións
CA1.4 Comparáronse equipamentos e elementos de diversos subministradores mediante catálogos físicos ou virtuais
CA1.5 Identificouse o material para empregar nas tubaxes e o sistema de instalación máis adecuado
CA1.6 Valorouse o importe dos materiais que se vaian instalar
CA1.7 Valorouse o custo da desmontaxe de instalacións existentes
CA1.8 Confeccionouse o orzamento utilizando medios informáticos
CA1.9 Tivéronse en consideración os requisitos das especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables

4.1.e) Contidos

Contidos
Medicións.
Estimación do custo dos materiais.
Estimación de tempos de traballo.
Aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración de orzamentos.
Requisitos da aplicación das especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Materiais, accesorios e elementos das redes de auga	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara as zonas de traballo identificando as operacións que se vaian realizar, os equipamentos e os materiais no taller de instalacións	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Localizouse o lugar concreto onde se instala cada equipamento ou tubaxe
CA2.2 Marcouse nos paramentos o trazado das conducións
CA2.3 Realizáronse operacións de albanelaría básica nas zonas de traballo
CA2.4 Realizáronse as tradeaduras necesarias para os elementos de fixación das suxeicións das tubaxes
CA2.5 Realizáronse as rozas para o encaixe de tubaxes
CA2.6 Realizouse a recollida selectiva de residuos
CA2.7 Acondicionáronse as superficies
CA2.8 Realizáronse os traballos con orde e limpeza
CA2.9 Aproximáronse os restos de materiais para a súa posterior retirada
CA2.10 Utilizáronse os elementos de protección necesarios
CA2.11 Tivéronse en conta as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de instalación.
Protección contra retornos.
Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas, de gres e de fundición (cobre, polipropileno, polibutileno, polietileno reticulado e multicapa): pegadas, embutidas, soldadas, etc.
Medidas de prevención de riscos laborais aplicables.
Execución de redes de tubaxes.
Proteccións: térmicas, contra esforzos mecánicos e contra rúidos.
Características dos materiais das tubaxes.
Rede de auga fría.
Instalación de auga quente sanitaria.

Contidos

Elementos que compoñen a rede de auga fría.

Sistemas de tratamento de auga.

Instalacións de auga quente sanitaria: termos eléctricos, quentadores de gas, termos con bomba de calor e quentadores eléctricos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Montaxe e instalación de equipamentos	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta redes de subministración de auga a edificios, tendo en conta a función de cada compoñente da instalación no taller de instalacións	SI
RA4 - Monta aparellos sanitarios, identificando a secuencia de operacións de montaxe e posta en marcha segundo a instalación proposta, para a montaxe no taller de instalacións	SI
RA5 - Realiza instalacións de rega automática distribuindo os elementos e aplicando técnicas básicas de montaxe no taller de instalacións	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o percorrido das tubaxes de subministración de auga
CA3.2 Selecciónase o tipo de tubaxe máis adecuado para cada instalación (cobre, polipropileno, polibutileno, polietileno reticulado ou multicapa), así como os seus accesorios
CA3.3 Selecciónase o illante máis adecuado a cada tipo de tubaxe segundo a normativa vixente
CA3.4 Selecciónase o sistema de unión das tubaxes (embutidas, soldadas, pegadas, etc.)
CA3.5 Selecciónase o sistema de protección mecánica para as tubaxes (tubo corrugado, etc.)
CA3.6 Aproximáronse os materiais e os elementos necesarios para realizar a pasta para tapar as tubaxes
CA3.7 Montáronse os elementos de suxeición das tubaxes
CA3.8 Montáronse as tubaxes aos elementos de suxeición ou encaixáronse nas rozas realizadas
CA3.9 Uníronse as tubaxes utilizando o sistema que corresponda a cada material
CA3.10 Realizáronse as operacións de albanelaría necesarias para finalizar o encaixe das tubaxes
CA3.11 Realizáronse as probas que indica a normativa sobre as instalacións interiores e as instalacións de AQS
CA3.12 Mantívose limpa e ordenada a zona de traballo
CA3.13 Utilizáronse os elementos de protección adecuados aos traballos
CA3.14 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas
CA4.1 Relacionouse a documentación técnica cos elementos que haxa que instalar (lavabos, inodoros, pratos de ducha, bañeiras, vertedoiros, lavapratos, cabinas de hidromasaxe ou saunas)
CA4.2 Descríronse as principais características dos aparellos sanitarios (caudal, diámetro das conexións, etc.)
CA4.3 Aproximáronse as ferramentas e os materiais necesarios para realizar a montaxe dos aparellos
CA4.4 Presentáronse os aparellos no lugar que ocuparán na instalación

Criterios de avaliación
CA4.5 Montáronse os soportes e as fixacións dos aparellos
CA4.6 Montáronse e conectáronse os aparellos sanitarios ás tubaxes correspondentes (abastecementos, desaugadoiros, sifóns e filtros)
CA4.7 Montáronse e reguláronse as billas de cada aparello sanitario (cisternas fluxores, billas e economizadores)
CA4.8 Realizáronse as probas de estanquidade sobre as instalacións conforme a normativa
CA4.9 Montáronse e conectáronse termos eléctricos, termos con bomba de calor, quentadores de gas e eléctricos para produción de AQS, conforme a normativa
CA4.10 Aplicáronse criterios de seguridade no transporte e na manipulación das cargas
CA4.11 Colaborouse cos/coas compañeiros/as na montaxe dos equipamentos
CA5.1 Configurouse a instalación en función da área de rega
CA5.2 Seleccionáronse os elementos necesarios para acometer a instalación de rega (tubaxes, aspersores, programadores e bombas)
CA5.3 Aproxionáronse os materiais, as ferramentas e os equipamentos
CA5.4 Realizáronse as gabias na parcela obxecto da instalación
CA5.5 Tendéronse e conectáronse as tubaxes segundo as instrucións de montaxe
CA5.6 Cubríronse as gabias e deixouse o terreo nivelado
CA5.7 Realizáronse probas de estanquidade e alcance da instalación
CA5.8 Aproxionouse o material sobrante para o seu posterior aproveitamento ou a reciclaxe
CA5.9 Utilizáronse as medidas de seguridade requiridas para realizar as instalacións
CA5.10 Aplicáronse as medidas ambientais requiridas

4.3.e) Contidos

Contidos
Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies, volumes e presión.
Condicións de seguridade.
Manexo de equipamentos de medida.
Interpretación de planos.
Manexo de ferramentas portátiles.
Técnicas de marcaxe de ocós e rozas.
Técnicas de clasificación dos residuos.
Técnicas de evacuación de residuos.
Marcaxe de elementos.

Contidos

Orde de desmontaxe e montaxe de elementos.

Interpretación de planos e documentación técnica.

Aparellos sanitarios (lavabos, inodoros, pratos de ducha, bañeiras, vertedoiros e lavapratos): tipoloxía.

Técnicas de montaxe de aparellos sanitarios.

Billas (fluxores, billas, filtros e economizadores): tipos; regulación.

Medidas de seguridade aplicables.

Instalacións de rega automática.

Tipos de aspersores.

Configuración de instalacións de rega automática.

Elementos constituíntes dunha instalación de rega.

Características dos materiais das tubaxes.

Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas.

Especificacións ambientais aplicables.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Equipos de produción de calor	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta instalacións de calefacción, e identifica os elementos e a súa función na instalación	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Compilouse a documentación técnica salientable a modo de traballo sobre unha instalación tipo de calefacción nunha vivenda ou nun edificio tipo
CA1.2 Interpretouse a documentación gráfica (planos e esquemas) dos elementos implicados na instalación e o sistema de instalación (monotubo, bitubo, chan radiante, etc.)
CA1.4 Describiuse a función de cada elemento (radiadores, chan radiante, unitermos, fancoils e xeradores de calor), así como os seus elementos de control (termóstatos e válvulas), para instalar no conxunto da instalación tipo proposta para montar no taller de instalacións
CA1.8 Realizouse a conexión eléctrica para o funcionamento da instalación (caldeiras, termóstatos e válvulas de zona)
CA1.9 Realizáronse as probas de presión conforme a normativa

4.4.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de electricidade aplicada ao control dunha instalación de calefacción formada por unha caldeira, unha bomba recirculdora para calefacción, dous termóstatos de zona e un termóstato de AQS.
Sistemas de instalación: esquemas hidráulicos e eléctricos de instalacións tipo en calefacción.
Elementos que compoñen a instalación de calefacción.
Probas: de estanquidade e de resistencia mecánica.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Instalación de calefacción para vivendas.	52

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Montar instalacións de calefacción, e identificar os elementos e a súa función na instalación	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Aproveñáronse as ferramentas (cortatubos para distintas tubaxes, chaves fixas, alicates, pico de loro, desparafusadores, lámpadas de gas, soldadura branda, equipamento de soldadura por termofusión para polipropileno, equipamento de presión para multicapa, polietileno) e os equipamentos necesarios (tubaxes, radiadores, unitermos, fancoils, válvulas, caldeiras, bombas de calor aerotérmicas e xeotérmicas, e bombas recirculadoras)
CA1.5 Fixáronse aos parámetros os elementos de suxeición dos equipamentos e das tubaxes que se vaian instalar
CA1.6 Uníronse e tendéronse as tubaxes do sistema de emisión (radiadores, aerotermos ou chan radiante)
CA1.7 Conectáronse os elementos terminais ao equipamento de produción de calor
CA1.10 Aproveñouse o material sobranse para o seu posterior aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA1.11 Utilizáronse as medidas de seguridade requiridas para realizar as instalacións
CA1.12 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas

4.5.e) Contidos

Contidos
Execución de redes de tubaxes para instalacións de calefacción. Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas e metálicas.
Características dos materiais das tubaxes.
Axuste e equilibrase en circuitos de auga para calefacción.
Especificacións de prevención de riscos laborais aplicables.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procedementos de posta en marcha	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mantén instalacións de redes de subministración de auga e calefacción identificando as operacións que se vaian realizar, tendo en conta a relación entre as disfuncións e as súas posibles solucións	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Aplicouse a normativa específica para cada tipo de instalación
CA1.2 Preparouse o material e os equipamentos necesarios
CA1.4 Realizouse o baleiramento das instalacións
CA1.6 Realizouse a enchedura das instalacións
CA1.8 Realizáronse probas de funcionamento
CA1.9 Aplicáronse técnicas de aforro de auga e de eficiencia enerxética

4.6.e) Contidos

Contidos
Medidas para tomar ante interrupción do servizo.
Nova posta en servizo.
Avarías e reparación.
Instalacións de calefacción.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Operacións de mantemento nas instalacións	21

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mantén instalacións de redes de subministración de auga e calefacción identificando as operacións que se vaian realizar, tendo en conta a relación entre as disfuncións e as súas posibles solucións	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Preparáronse os equipamentos de prevención de riscos necesarios
CA1.5 Laváronse as instalacións despois do seu baleiramento
CA1.7 Realizouse o mantemento das instalacións seguindo criterios hixiénico-sanitarios
CA1.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas

4.7.e) Contidos

Contidos
Programa de mantemento.
Revisión e limpeza de filtros.
Revisión de bombas.
Revisión do estado do illamento térmico.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles e non exigibles están indicados no apartado 4c.da programación do módulo, así como o peso orientativo de cada criterio de avaliación.

Que un CA se declare como mínimo esixible implica que o alumnado deberá superar (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a unidade didáctica. Pola contra, non será necesario superar as probas relacionadas con CA que non sexan declarados mínimos esixibles sempre que a nota global da UD (tendo en conta as ponderacións dos instrumentos de avaliación) sexa aprobado.

Para a avaliación do módulo teranse en conta os criterios de avaliación desenvolvidos en cada unidade didáctica cos seus instrumentos de avaliación indicados e relacionados cos mínimos exigibles.

Criterios de cualificación.

Cada UD é un bloque de coñecemento relacionado cos mínimos exigibles, polo que para a avaliación positiva do módulo o alumno debe superar todas as UD do mesmo.

O módulo consta de 7 unidades didácticas repartidas en 3 avaliacións.

A nota para cada unidade didáctica calcúlase aplicando os porcentaxes indicados para cada criterio de avaliación . Para superar a unidade didáctica a nota mínima será de 5 sobre 10

En xeral, realizaranse en cada Avaliación probas teóricas(cuestións, preguntas, test, problemas, etc) sobre os contidos explicados na clase e probas prácticas (debuxos en papel, practicas de taller ou programas didacticos etc) semellantes as realizadas anteriormente na aula, e serán imprescindibles para superar as Avaliacións e o curso.

Cada unha das probas teóricas e as probas prácticas valoraranse de 0 a 10 puntos.

Para avaliar positivamente nunha proba, o alumno, a lo menos debe ter unha cualificación igual ou superior a cinco (5), polo tanto, si saca unha cualificación igual o superior a cinco dáse por entendido que acadou os mínimos para esa proba.

Como en cada Avaliación, soe existir a lo menos dúas probas (unha proba teórica e outra proba práctica) permítese compensar as notas das probas, o facer a media aritmética, sempre e cando as notas non sexan inferiores a 4 puntos, antes de obter a nota media da avaliación, polo tanto neste caso darase por entendido que acadou os mínimos para a Avaliación sempre que a media aritmética obtida sexa igual ou superior a cinco (5) para as probas feitas durante a Avaliación.

Si por calquera circunstancia so existise probas dunha das partes na Avaliación, teorica ou práctica, esta será a que se valorará para calcular a nota da avaliación.

Cualificación das Avaliacións:

1- A nota da avaliación será a media aritmética das distintas probas. Considerarase a cualificación como a parte enteira sen decimais, da media aritmética de todas as probas, sempre que todas as notas das probas (Teóricas e prácticas) antes de aplicar a media sexan iguais ou maiores a tres (3).

2- No caso de que antes de aplicar a media aritmética, a lo menos, unha das notas sexa inferior a tres (3) e xunto coas outras notas nos de como resultado unha media aritmética (total) igual ou superior a cinco (5), poráse como cualificación na avaliación un catro (4). En calquer outro caso, faise a media aritmética, e a cualificación que se pon na avaliación será a parte enteira sen decimais da media aritmética calculada.

Si a 3ª Avaliación e todas as anteriores teñen Cualificación positiva, igual ou maior que cinco, collense as medias das tres avaliacións e faise unha nova media, sendo a Cualificación da 3ª Avaliación a media aritmética das tres Avaliación e so porase a parte enteira sen decimais desta última media como nota da 3ª Avaliación e se repetirá a mesma nota na Avaliación final.

Cualificación da Avaliación final

Para a avaliación final calculase, tal como xa se indicou anteriormente, a media de todas as avaliacións do ano e so considerase a parte enteira sen decimais do resultado da media aritmética.

Considerarase cualificación positiva, nas avaliacións, aquela que sexa maior ou igual a cinco (5) puntos. Si antes de facer a media final, ten unha ou mais avaliacións suspensas e a media da inferior a cincoponse a parte enteira sen decimal; si a nota media da superior a cinco o ter suspensa unha ou mais avaliaciónsponse un catro (4) independentemente si a media é superior ou igual a cinco (5).

Observacións:

No caso de cun alumno nunha avaliación non fixera a totalidade de probas teóricas e probas prácticas propostas para a avaliación, a nota para a avaliación será calculada como no apartado 2 das "Cualificación das avaliacións", anteriormente indicado, tendo en conta que a nota para unha proba teórica ou proba práctica no feitas valorarase cun cero (0) para calcular a nota media da avaliación.

Si durante a realización dalgunha proba teórica ou proba práctica observase que algún alumno copia, alumnos copiando entre eles, intercambiando as súas probas, empregando medios non autorizados (movil, reloxos dixitais, etc.) que supoñalles unha axuda para a realización da proba, etc.

Suporá para o alumno ou alumnos implicados ter que ir a proba final para superar o curso, e na avaliación correspondente antes da final poráselle/s como cualificación un (1).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno que non supere os mínimos exixibles de cada UD realizará actividades de reforzo, programadas polo profesor, ao longo de cada avaliación ata a avaliación extraordinaria. O profesor entregará ao alumno un informe cos mínimos exixibles non superados, as actividades a realizar e as datas das actividades de recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba extraordinaria contará de dúas partes:

Unha proba escrita eliminatória sobre realización e interpretación de esquemas das diferentes instalacións, equipamentos e configuración da instalación.

Unha proba práctica sobre realización dalgunha das prácticas realizadas en taller, diagnose de avarías e reparación das mesmas.

Para a superación da proba ha de ter superada as dúas partes cunha nota de 5 ou maior. A nota na avaliación final será a media das dúas partes.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha reunión de departamento para o seguimento da programación e avaliación da propia práctica docente. Recollerase en acta as medidas adoptadas polo departamento. O equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aplicarase as seguintes medidas:

- 1.-Utilización de metodoloxías diversas. Pártese da base de que un método de ensino que é o máis axeitado para uns alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes, e á inversa. Desde este punto de vista, procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos ou actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos, dos seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en procesos anteriores con determinados alumnos.
- 2.-Propor actividades diferentes. As actividades que se expoñan situarase entre o que xa saben facer os alumnos autónomamente e o que son

capaces de facer coa axuda que poidan ofrecerlles o profesor ou os seus compañeiros. Preverase un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que se poidan traballar estes contidos con esixencias distintas. Prepararase tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumnos que poidan avanzar máis rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden profundar en contidos a través dun traballo máis autónomo.

3.-Materiais didácticos non homoxéneos. Os materiais utilizados ofrecerán unha ampla gama de actividades didácticas que respondan a diferentes graos de aprendizaxe .

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Non ámbito da educación cívica e moral, preténdese a elaboración de xuízos propios a través de debates ou discusión e mediante a participación activa na aula, o que permitirá ao alumno expresar as súas ideas e valorar as dos seus compañeiros. Potenciarase o traballo cooperativo e a responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas. Así, a través das actividades que se propoñen, o alumnado interiorizará e elaborará normas e avanzará na formación da súa personalidade.

En definitiva, os contidos deste módulo contribuirán ao alcance dos obxectivos transversais propostos para formación profesional, grazas a utilización de materiais e recursos didácticos que aludan aos contidos dos mesmos:

- educación moral e cívica.
- educación ambiental.
- educación do consumidor.
- educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.
- educación para a paz.
- educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Pendente de confirmación saída didáctica ao Porto de Marín.

10.Outros apartados

10.1) Información da programación

Imprimirase un arquivo pdf da programación para o alumno e estará exposta nos tablóns do centro para consulta dos interesados. Os alumnos recibirán información a principio de curso dos obxectivos e os criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva.